

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y EL LABORATORIO VIFOR PHARMA S.L. PARA LA PROMOCIÓN DE LA INVESTIGACIÓN Y LA FORMACIÓN CIENTÍFICA ORIENTADAS A LA MEJORA DE LA ATENCIÓN AL PACIENTE CON DÉFICIT DE HIERRO Y ANEMIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade VIFOR PHARMA ESPAÑA, S.L., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte á data da súa firma (25 de outubro de 2017).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos/as pacientes e cidadáns/ás e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos

tratamentos prescritos, a formación científica dos/as profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos/ás pacientes.

Que Vifor Pharma, S.L. ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos.

Un dos seus obxectivos de innovación e busca é traballar para a calidade de vida dos/as pacientes que sofren enfermidades. Neste senso a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. Así pois, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente crónico, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.